

ACTA N° 34/10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 23 DE AGOSTO DE 2010

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.

D. Arturo González Pérez.

D. Daniel Rodas Chapela

Secretario accidental D. José Rodríguez Veloso

Faltan D. Victor Pastotriza Lino, por estar de vacacións, e D^a Libertad Cruz Couso, por motivos de traballo.

Na casa do Concello de Moaña, o 23 de agosto de 2010, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario accidental, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 13:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 13:10 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Non se trae borrador ningún para a súa aprobación.

2.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia das persoas interesadas que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

2.A) EXPTE. 138/10 - D^a JOSEFA RUA RUA, presenta proxecto de reparación de cuberta e conservación de vivenda, sita en Fonte da Vila n° 157 de Abelendo, redactado pola arquitecta técnica D.^a Sofía Rúa Piñeiro, visado en data 06/08/10. Superficie construída cuberta: 120,72 m², orzamento: 8.930,62 euros.

Dáse conta do informe do arquitecto técnico municipal do día 20 de agosto de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: Reparación de cuberta e conservación de vivenda unifamiliar.

Informe: **Procede informar favorablemente o expediente.**

O proxecto de reparación de cuberta e conservación de vivenda unifamiliar está redactado polo arquitecto técnico Dna. Sofía Rúa Piñeiro, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 06 de agosto de 2010. Presenta a seguinte documentación.

- Reportaxe fotográfico.
- Memoria descriptiva.
- Memoria construtiva.
- Xustificación urbanística sobre o cumprimento do establecido nas NN.SS municipais.
- Xustificación do documento de salubridade do CTE (HS-1) de protección fronte a humidade.
- Xustificación do documento de salubridade do CTE (HS-5) de evacuación de augas da cuberta.
- Normativa de obrigado cumprimento.
- Estudo de xestión de residuos.
- Prego de condicións técnicas de xestión de residuos.
- Plan de control de calidad.
- Estudio básico de seguridade e saúde.
- Prego de condicións técnicas.
- Presuposto e medicións.
- Documentación gráfica.
- Presenta cuestionario de estadística de construción de edificios.
- Presenta Oficio de Dirección de Obra asinado polo Arquitecto Técnico, Dna. Sofía Rúa Piñeiro, visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 06 de agosto de 2010.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	250,06 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €
Cartel	110,00 €

2.B) EXPTE. 101/10 - D. MANUEL GARCÍA PORTELA presenta estudo técnico para a substitución de material de cuberta en edificio existente na rúa Daniel Castelao, 17, do barrio do Con, redactado polo arquitecto técnico D. Julio Romero Zaloña, visado o 09.06.10.

Dáse conta do informe do arquitecto técnico municipal do día 20 de agosto de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: Estudo técnico para a substitución de material de cuberta en edificio existente

Informe: **Procede informar favorablemente o expediente.**

O proxecto de Estudo Técnico de substitución de material de cuberta de edificio, está redactado polo Arquitecto Técnico D. Julio Romero Zaloya, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 09 de xuño de 2010. Presenta a seguinte documentación.

- Documentación Gráfica.
- Reportaxe fotográfico.
- Memoria descriptiva.

- Memoria construtiva.
- Xustificación urbanística sobre o cumprimento do establecido nas NN.SS municipais.
- Prego de condicións de índole técnica.
- Estudo básico de seguridade e saúde.
- Estudo de xestión de residuos.
- Presuposto e medicións.
- Presenta cuestionario de estadística de construción de edificios.
- Presenta Oficio de Dirección de Obra asinado polo Arquitecto Técnico, D. Julio Romero Zaloya, visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 14 de xuño de 2010.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	297,92 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €
Cartel	110,00 €

3.- PECHE

Visto o expediente instruído a instancia da interesada que de seguido se relaciona e examinado o informe do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acorda conceder a licenza de peche, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

EXPTE. 143/10 – D.^a JOSEFA ÁLVAREZ GONZÁLEZ presenta memoria para realizar un cerramento de 72,62 m de lonxitude por 1,40 m de alto con bloques prefabricados de formigón, para situar na rúa dos Corvos nº 9A, de Meira.

Dáse conta do informe do arquitecto técnico municipal do día 20 de agosto de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: CERRAMENTO A LINDANTES

INFORME: **Procede informar favorablemente o expediente.**

Documentación.

- Memoria descritiva.
- Memoria construtiva.
- Presuposto e medicións.
- Documentación gráfica.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	42,70 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €

4.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

4.A) D. GUSTAVO JUNCAL GALLEGO solicita licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar situada no lugar de Broullón, 22 A, pertencente á licenza de obra Expte. nº 29/2006, (concedida pola XGL en sesión de data 27.02.2006).

Visto que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e informe do arquitecto técnico municipal de data 20 de agosto de 2010 que di:

ASUNTO: SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

INFORME: **Procede informar favorablemente a solicitude de Licenza de primeira ocupación.**

A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

- Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Raúl Rey Fandiño, o día 26 de marzo de 2010, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 09 de abril de 2010; asinado polo arquitecto D. José Manuel Pastoriza Rodas o día 16 de abril de 2010, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 16 de abril de 2010.
- Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana. Modelo 902-N.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación 130,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar dimanante da licenza en Expte. nº 29/2006, ao seu promotor D. GUSTAVO JUNCAL GALLEGO e D.^a MILAGROS POZA VÁZQUEZ, nos termos recollidos no informe do técnico municipal, e que se lle remita o acordo á AQUALIA e á MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO.

4.B) D.^a GUDELIA COSTA PASTORIZA solicita licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar situada na rúa A Pandiña, do barrio do Con, pertencente á licenza de obra Expte. nº 42/2005, (concedida pola XGL en sesión de data 14.03.2005).

Visto que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e informe do arquitecto técnico municipal de data 23 de agosto de 2010 que di:

ASUNTO: SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

INFORME: **Procede informar favorablemente a solicitude de Licenza de primeira ocupación.**

A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

- Copias dos recibos da taxa de licenza urbanística e liquidación provisional do imposto de construción.

- Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Alfredo de la Campa Fervenza, o día 06 de novembro de 2008, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 06 de novembro de 2008; asinado polo arquitecto D. José Manuel Pastoriza Rodas o día 06 de novembro de 2008, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 13 de novembro de 2008.
- Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana. Modelo 902-N.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación 130,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar dimanante da licenza en Expte. nº 42/2005, á súa promotora D.^a GUDELIA COSTA PASTORIZA, nos termos recollidos no informe do técnico municipal, e que se lle remita o acordo á AQUALIA e á MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO.

5.- APROBACIÓN DO PLAN DE IMPLANTACIÓN DA REDE DE TELEFONÍA MÓBIL NO CONCELLO DE MOAÑA PROMOVIDO POR VODAFONE ESPAÑA, S.A.U. - EXPTE. 42/09:

O día 1 de setembro de 2008 VODAFONE ESPAÑA, S.A.U, presentou o Plan de Implantación da rede de telefonía móbil no Concello de Moaña. Foi sometido a información pública por un término mínimo de un mes mediante a publicación no DOG nº 50, do 12.03.09, BOP nº 51 de 17.03.09, no diario Faro de Vigo e no taboleiro de anuncios municipal.

No período de exposición pública, presentan alegacións:

- 02.04.09, o PP de Moaña, rexistro entrada 2.589
- 14.04.09, a Asociación de veciños Xeremelo do Rosal, rexistro entrada 2.823
- 14.04.09, un colectivo de afectados, r.e.: 2.824
- 14.04.09, a AVV Monte do Faro, r.e.: 2.825
- 14.04.09, a AVV de Berducedo e Piñeiro, r.e.: 2.826 e 2.827
- 14.04.09, a Asociación pola defensa da ría, r.e.: 2.903
- 14.04.09, a Asociación Ecoloxista Luita Verde, r.e. 2.828
- 15.04.09, a AVV da Meixoadá, r.e.: 2.843

O Concello remítelle copia das alegacións presentadas aos redactores do Plan de Implantación

Remítelle á empresa Xpert Unidade Técnica de Protección Radiolóxica, S.L. o Plan de Implantación para emisión de informe, que presenta no Concello en marzo do 2009, e en maio dese ano presenta informe sobre as alegacións presentadas.

O día 7 de abril de 2009, o arquitecto técnico municipal emite informe sobre o Plan.

En data 14 de xuño de 2009, a Secretaría Municipal emite informe respecto do Plan, e sinala, á vista da documentación que obra no expediente e informes técnicos, a necesidade de completar a documentación do Plan antes da súa aprobación.

En data 16 de xuño de 2009, o Concello remite requirimento para completar a documentación á empresa redactora do Plan de Implantación,

En data 21 de decembro de 2009, o asesor xurídico do Concello emite informe sobre a situación procesal e aplicación dos artigos da Ordenanza municipal sobre os que recaeu sentenza xudicial.

En data 30 de decembro de 2009, a empresa promotora presenta documentación adicional dando resposta ao requirimento do Concello.

En data 12 de febreiro de 2010 o asesor emite novo informe respecto da situación procesal da Ordenanza determinada a firmeza polo TSXG.

En febreiro de de 2010 a empresa Xpert Unidade Técnica de Protección Radiolóxica, S.L. presenta no Concello ANEXO de informe sobre a adecuación do Plan de Implantación presentado por Vodafone España, S.A., antes da aprobación definitiva.

Visto o informe favorable emitido polo aparellador municipal o 29 de xuño de 2010,

Visto o informe do secretario municipal do 29 de xullo de 2010, que recolle que de acordo cos informes técnicos emitidos previamente e, unha vez subsanadas as deficiencias detectadas, amosase favorable á aprobación do Plan de Implantación pola Xunta de Goberno Local.

De acordo cos citados antecedentes, a Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, e de conformidade co artigo 30 da ordenanza municipal reguladora das condicións urbanísticas para a instalación e funcionamento de elementos e equipos utilizados na prestación de servicios de radiocomunicación no Concello de Moaña, acorda:

Primeiro.- Aprobar o Plan de Implantación presentando por Vodafone España, S.A.U.. da rede de telefonía móbil no Concello de Moaña.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo a empresa solicitante e ás/aos alegantes no expediente de aprobación do Plan de Implantación coma aos interesados no expediente.

6.- PROPOSTA DE GASTOS LEGALIZACION DA INSTALACION ELECTRICA ESCOLA MUNICIPAL DE MUSICA

Visto o orzamento presentado por MONTAJES ANTEPAZO S.L. consistente en redacción e visado de proxecto, realización da acta de revisión inicial, taxas de industria e adaptación da instalación eléctrica da Escola Municipal de Música para a súa legalización, por importe de 5.168,40 euros, IVE incluído,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o orzamento reseñado e autorizar e comprometer o gasto do seu importe,

5.168,40 euros, á aplicación presupuestaria de gastos 3250-63201 RC 1225, en concepto de legalización de instalación eléctrica local destinado a Escola Municipal de Música..

7.- CERTIFICACION DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA ESCOLA DE MUSICA DE MOAÑA”

Dáse conta da certificación número 3 da obra ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA ESCOLA DE MUSICA DE MOAÑA, presentada pola Empresa PLYGEPE, asinada polo técnico director D. Javier Rial Lemos así como da factura nº 10.090 de data 3/8/2010, por importe de 9.604,98 euros IVE incluído.

Informa o Interventor Municipal que non consta a documentación esixida pola cláusula 30.5 do prego xustificativa da subcontratación, debendo incorporarse o expediente informe do técnico neste sentido.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda:

Primeiro: Levantar o reparo emitido polo Interventor Municipal toda vez que xa foi incorporado o informe técnico sobre a subcontratación.

Segundo: Aprobar a certificación nº 3 de data 3/8/10, por importe de 9.604,98 euros da obra “Acondicionamento de local para escola de música de Moaña”.

Terceiro: Aprobar a correspondente factura nº 10.090 a nome da empresa adxudicataria PLYGEPE polo mesmo importe de 9.604,98 euros, recoñecendo a obriga con cargo a partida 3250.63200

8.- CONTRATO DE SUBMINISTRO PARA EQUIPAMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MUSICA

Examinado o expediente para a contratación por procedemento negociado sen publicidade, tramitación urxente, iniciado por providencia da Alcaldía de data 16 de agosto de 2010 do subministro “EQUIPAMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MUSICA”, redactado polos Servizos Técnicos Municipais cun orzamento de CUARENTA E SETE MIL SETECENTOS OITENTA E DOUS CON OITENTA E UN EUROS MAIS OITO MIL SEISCENTOS CON NOVENTA E UN EUROS DE IVE (47.782,81 € mais 8.600,91 € de IVE), distribuídos en dúas anualidades, ano 2010:28.191,86 € e ano 2011: 28.191,86 €

Visto o Prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación por procedemento negociado sen publicidade da obra e visto, tamén, o cadro de características do Contrato.

A Xunta de Goberno por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- Aproba-lo expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, tramitación urxente, iniciado por providencia da Alcaldía de data 16 de agosto de 2010, para a adxudicación do subministro “EQUIPAMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MUSICA” redactado polos Servizos Técnicos Municipais cun orzamento de CUARENTA E SETE MIL SETECENTOS OITENTA E DOUS CON OITENTA E UN EUROS MAIS OITO MIL SEISCENTOS CON NOVENTA E

UN EUROS DE IVE (47.782,81 € mais 8.600,91 € de IVE), distribuídos en dúas anualidades, ano 2010:28.191,86 € e ano 2011: 28.191,86 €

SEGUNDO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que haberan de rexe-la contratación do subministro, mediante procedemento negociado.

TERCEIRO.- Remitir as invitacións para participar na licitación, ás seguintes tres empresas capacitadas para realizar o obxecto do contrato:

-Lógica Equipamientos Integrales, S.L., Avda 5ª, nave ES-Poligono de O Pocomaco 15008 SANTIAGO

-MONLI, S.A., Mosteiro de Moraime, 2-6, 15010 A CORUÑA

-VICARLEM, S.L. Poligono Industrial de Bértoa, rua titanio, 4, 15.105-Bértoa-CARBALLO

CUARTO.- Autoriza-lo gasto de 28.191,86 € con cargo á partida 3250.62500 do orzamento municipal do ano 2010, e 28.191,86 € con cargo o exercicio 2011

QUINTO.- Dispoñe-la apertura do procedemento de adxudicación.

9.- CERTIFICACION DA OBRA “REFORMADO PISTAS DE ATLETISMO DE “A XUNQUEIRA”

Dáse conta da certificación nº 2 da obra REFORMADO PISTAS DE ATLETISMO DE “A XUNQUEIRA” presentada pola Empresa INDEPO ANTALSIS, asinada polo director de obra D. Jose Luis Dominguez Gonzalez asi como da factura nº 002 de data 3/8/10, por importe de 77.538,82 euros IVE incluído.

Informa o Interventor Municipal que non consta a documentación esixida pola cláusula 33.5 do prego xustificativa da subcontratación, debendo incorporarse o expediente informe do técnico neste sentido.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda:

Primeiro: Levantar o reparo emitido polo Interventor Municipal toda vez que xa foi incorporado o informe técnico sobre a subcontratación.

Segundo: Aprobar a certificación nº 2 de data 3/8/10, por importe de 77.538,82 euros da obra “Reformado pistas de atletismo de A Xunqueira”.

Terceiro: Aprobar a correspondente factura nº 002 a nome da empresa adxudicataria INDEPO ANTALSIS polo mesmo importe de 77.538,82 euros, recoñecendo a obriga con cargo a partida 3420.6220

10.- CERTIFICACION DE OBRA “INSTALACION DE CÉSPED ARTIFICIAL Y REFORMA DE INSTALACIONES EN CAMPO DE FUTBOL EN DOMAIO”

Dáse conta da certificación nº 2 da obra “INSTALACIÓN DE CÉSPED ARTIFICIAL Y REFORMA DE INSTALACIONES EN CAMPO DE FUTBOL EN DOMAIO” presentada pola Empresa Construcciones en Piedra SIGRAS, S.L. asinada polo técnico director Jose Luis Dominguez Gonzalez asi como da factura número 127 de data 2/8/10, por importe de 32.757,37 IVE incluído

Informa o Interventor Municipal que non consta a documentación esixida pola cláusula 30.5 do prego xustificativa da subcontratación, debendo incorporarse o expediente informe do técnico neste sentido.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda:

Primeiro: Levantar o reparo emitido polo Interventor Municipal toda vez que xa foi incorporado o informe técnico sobre a subcontratación.

Segundo: Aprobar a certificación nº 2 de data 2/8/10, por importe de 32.757,37 euros da obra “Instalación de césped artificial y reforma de isntalaciones en campo de futbol de Domaio”.

Terceiro: Aprobar a correspondente factura nº 127 a nome da empresa adxudicataria Empresa Construcciones en Piedra SIGRAS, S.L. polo mesmo importe de 32.757,37 euros, recoñecendo a obriga con cargo a partida 3420.63201

11.- ANTICIPO REINTEGRABLE FUNCIONARIO BALBINO PENA COSTA

O funcionario Balbino Pena Costa lle foi concedido un anticipo que reintegrou anticipadamente en data 28/5/10 ingresando a cantidade de 1.671,43 euros.

Nas nóminas de Xuño, Xullo e Agosto, por error, se lle seguiron descontando as cuotas de reintegro do anticipo a razón de 128,57 euros.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda devolver o Sr. Pena Costa as cantidades descontadas irregularmente que ascende a un total de 385,71 euros.

12.- MODIFICACIÓN DE ACORDO SOBRE SUBSTITUCIÓN MANDOS POLICÍA LOCAL

En Xunta de Goberno Local do 18 de maio de 2010, aprobouse a proposta de substitucións de mandos da Policía local,

Por acordo da Xunta do 19 de xullo de 2010 autorizouse ao inspector-xefe asistir a un curso e modificouse o seu período vacacional aprobado inicialmente,

Visto o informe do inspector – xefe do 16 de agosto de 2010, que di:

Que por mor da renuncia dos policías Manuel García Fernández e Julio Sobral Poceiro a realizar a substitucións de oficial, comunícaselle que hai que realizar uns cambios no informe 2010/0715-I remitido a esa Alcaldía e no que constaban as substitucións de inspector e oficiais por mor da temporada de vacacións estivais de 2010.

Que as substitucións que ían realizar os ditos policías amentados no parágrafos anterior quedan anuladas.

Que a substitución do inspector Lois Alberte Casás Curro (do 03 de setembro ao 13 de outubro), modificacións á que se refire o informe 2010/1086-I de data 14/07/2010, será feita polo oficial Xurxo Xan Casal Blanco.

Que a substitución do oficial Xurxo Xan Casal Blanco será feita polo policía Francisco Javier Blanco Portela do 03 de setembro ó 13 de outubro. E por ese motivo este policía retrasa as súas vacacións estivais ás datas entre o 16 de outubro e o 28 de novembro do ano que andamos.

Vista a proposta do departamento de persoal de rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local do 18 de maio de 2010 referente a substitucións de mandos da Policía local, no seguinte sentido:

- Inspector Lois A. Casás Curro: vacacións do 03/09 ao 13/10, sendo substituído por Xurxo Xan Casal Blanco, o cal é substituído neste período por Francisco Javier Blanco Portela.
- As vacacións de Francisco Javier Blanco Portela serán desde o 16/10 ao 28/11.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

13.- CURSO DE PINTURA 2010-2011

Vista a proposta do concelleiro delegado de Cultura e Ensino do 20 de agosto de 2010, que textualmente di:

O Curso de pintura será impartido por un membro do colectivo “A carón do Mar”, Lito Portela, en sesións de 2 horas por semana.

Este curso levarase a cabo no Centro Cultural de San Martiño, en horario a determinar polos asistentes.

O obxectivo do curso será formentar a pintura entre os veciños afeccionados a esta manifestación artística.

A duración do curso será de 8 meses que irán de outubro 2010 a maio 2011.
O curso organizarase en 2 trimestres e 1 bimestre:

Curso aceptará a 30 alumnos, que sexan maiores de 6 anos.

O custe total do curso é de 7.200 €.

*O concello pagará 30€ por cada alumno matriculado.

* Os alumnos que pertencen a algún centro escolar do Concello de Moaña, e sexan socios de calquera das ANPAS destes centros, o Concello pagará 26 €.

*Do custe total do curso, o Concello asumirá un máximo de 1500€.

*O alumnado matriculado aboará as seguintes cantidades:

1º - trimestre: outubro, novembro, decembro de 2010. 72€ (24€ x 3 meses)

1º - trimestre: socios ANPAS outubro, novembro, decembro de 2010. 60€ (20€ x 3 meses)

2º - trimestre: xaneiro, febreiro, marzo de 2011. 72€ (24€ x 3 meses)

2º - trimestre: socios ANPAS xaneiro, febreiro, marzo de 2011. 60€ (20€ x 3 meses)

3º - bimestre: abril e maio de 2011. 48€ (24 x 2 meses)

3º - bimestre: socios ANPAS abril e maio de 2011. 40€ (20 x 2 meses)

A concellería de cultura e Ensino solicita a xunta de Goberno Local, se faga a reserva de crédito correspondente o curso do curso do primeiro trimestre con cargo ós orzamento de 2010 da seguinte cantidade:

1º Trimestre: 2700 €

Así mesmo, solicita que se faga a correspondente reserva de crédito con cargo ós orzamentos 2011 da seguinte cantidade:

2º e 3º trimestre: 3500 €

Observacións:

1.- Aboaranse todos os trimestres e o bimestre nun so pago de cada vez, non sendo reintegrable en caso de baixa ou non asistencia do alumno ó curso.

2.- Non se admitirán novos alumnos unha vez iniciado cada período do curso.

3.- A rebaixa no prezo para alumnos dos centros de ensino do Concello de Moaña, que sexan socios dunha ANPA vén acordada polo mestre de pintura – Fed. ANPAS Arco da Vella – Concellería de Cultura, na que os alumnos pagarán 20 € por mes.

O período de preinscrición comezará o día 1 de setembro ata o 12 do mesmo mes no Dpto. de Cultura do concello, ou ben na Casa da Mocidade.

Período para inscrición comezará o día 16 de setembro ata o 10 de outubro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos, e así aprobar a programación do curso de pintura 2010-2010, os períodos de preinscrición e inscrición, e autorizar e dispoñer o gasto por importe de 2700 euros, en concepto de 1º trimestre do curso de pintura, con cargo á partida orzamentaria 3340 22610 RC 1274.

14.- VADOS

14.A) CAMBIO DE TITULARIDADE

D. Manuel Iglesias Pena, con domicilio en r/ Cabanillas 73, solicita o cambio de titular dos garaxes do edificio R. Cabanillas 95, actualmente “Comunidade de propietarios edificio R. Cabanillas, 95 e que se pase para “Propietarios de garaxes edificio Ramón cabanillas, 95 planta 1ª de garaxes”

A policía municipal informa da existencia do vado,

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda acceder o solicita e que se liquide dito vado a nome de **Propietarios de garaxes edificio ramón cabanillas, 95 planta 1ª de garaxes, a partir do próximo padrón que se poña ao cobro.**

Trasládese acordo os interesados e Oral

14. B) A Comunidade de propietarios do Edif. CHAN DE ARQUIÑA, sito en Pura Prado nº 23, solicita autorización para a colocación dun vado permanente neste edificio. Acompaña licenza de primeira ocupación, tarxeta de identificación fiscal e recibo de pago das taxas. A Policía local informa que o rebaixe da beirarrúa e de 4,40 m e aloxanse 15 prazas de garaxe, deben pintar unha liña amarela.

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do vado solicitado, cunha lonxitude de 4,4 m, para 15 prazas, e coa obrigación de pintar unha liña amarela.

Trasládese acordo o interesado e Oral

15.- MOBILIDADE

A Policía local, no informe 1189-I/2010, indica que na Moureira, no cruce coa estrada PO 551 Porta do Sol subida ao Caeiro existe una zona de estrada ancha onde estacionan dous vehiculos que dificultan a visibilidade da zona, para os vehiculos que circulan en sentido ascendente. Seria convinte sinalizar este tramo cun sinal vertical de prohibido estacionar, ao remate da beirarrúa de cemento.

A Xunta de goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o informe da policia local e que polo persoal de servizos se leve a cabo esta sinalización.

16.- SANCION DE TRAFICO

D.^a María Dolores Montaña Framil, por escrito do 10 de agosto deste ano, expón que recibiu notificación de sanción do expte. 2010/1137, correspondente ao boletín de denuncia nº 6657, e indica que non coinciden as datas entre aquela e este boletín, nin tampouco entre a contía da multa proposta, xa que na notificación constan 100,00 euros e no boletín 150,00 euros, e que ela pagou o 50% desta última cantidade para obter a redución.

O xefe da policia local informa que se comprobou que o policia formulou un boletín de denuncia de tráfico, expediente 2010/1137, por infracción do art. 13.16.1 da Ordenanza municipal, na contía de 150 euros, posteriormente foi rectificado xa que a Ordenanza estable 100 euros. A persoa denunciada realizou o pagamento co boletín de denuncia, antes da notificación, polo que realizou o pagamento de 25 € superior ao importe da multa,

Dende o departamento de Recadación emítase informe no que consta que D. Adolfo Eugenio Fanjul Lechuga ingresou 75,00 euros por este concepto,

Visto que a tesoureira municipal informa que cómpre devolverlle os 25€ a quen os ingresou na recadación municipal,

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos membros asistentes, acorda devolver a ADOLFO EUGENIO FANJUL LECHUGA, a cantidade de 25 euros.

17.- LIQUIDACIÓNS DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA

Visto o informe da Tesourería municipal do 19 de agosto de 2010, en relación á liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal pola declaración relativa aos ingresos brutos presentada por Iberdrola Generación S.A.U., no que indica:

Consonte ó disposto no artigo 24 do TRLRFL, o importe a liquidar correspóndese co 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por aquela como contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal, excluídos os impostos indirectos que os graven e as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de contificación da taxa.

En aplicación do anteriormente exposto, remítese á Xunta de Goberno Local, a liquidación das taxas indicadas a efectos da súa aprobación con carácter definitivo e notificación ós interesados .

*IBERDROLA GENERACIÓN S.A.U (CIF A95075586)

	BASE DA TAXA (euros)	IMPORTE TAXA(euros) BASE*0,015
XULLO 2010	11.584,14	173,76

PRAZOS DE INGRESO: Consonte ó disposto no artigo 62 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (BOE núm.30, de 18 de decembro), no caso de débedas tributarias resultantes de liquidacións practicadas pola Administración, o pago en período voluntario deberá facerse nos seguintes prazos:

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se éste non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se éste non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

O ingreso poderá facerse efectivo na oficina de recadación municipal situada na planta baixa do Concello de Moaña (r/As Barxas s/n CP 36950, Moaña, Pontevedra) ou na conta de recadación aberta na entidade financeira Caixanova (núm.2080 0529 05 0040000800), de luns a venres, de 9:00 a 13:30 horas.

Transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio e se devengarán os correspondentes recargos do período executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

RECURSOS: Poderá interperse recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa (art. 116 e s.s. Lei 30/92).

-Poderá interperse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou en que aquel deba entenderse presuntamente desestimado (arts. 25 e s.s. Lei 29/98 LJCA), ante os tribunais da xurisdición contencioso-administrativa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía da liquidación reflectidas no informe da Tesourería, correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de Iberdrola Generación SAU, por importe de 173,76 euros, polo período recollido no informe, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

18.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE AVAL

Montajes Cancelas, S.L., por escrito do 13 de xullo de 2010, solicitan a devolución da fianza definitiva para responder da obra de instalación dunha cuberta do campo de fútbol do Casal. Achegan fotocopia da carta de pagamento e da acta de recepción.

Visto o informe favorable á súa devolución emitido polo arquitecto técnico municipal o 19 de agosto de 2010, xa que as obras executadas se adaptan ao proxecto que serviu de base para a licitación,

Visto o informe da tesoureira municipal do 19 de agosto de 2010, favorable á devolución da fianza depositada por Montajes Cancelas, S.L. (CIF B36618437) por importe de 3.977,50 euros,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda a devolución da fianza solicitada, depositada por Montajes Cancelas, S.L. como garantía definitiva da obra Cuberta da grada do campo de fútbol do Casal.

19.- BAIXA NO REXISTRO DE CANS DE RAZA CONSIDERADA PERIGOSA

D. Saúl Oya Bermúdez, por escrito do 16 de agosto de 2010, quere dar de baixa do rexistro municipal ao seu can NECK, de raza presa canario, por morte.

Comprobada a súa inscrición en dito rexistro co nº 3/2005,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda dalo de baixa do rexistro municipal de cans de raza considerada perigosa e trasladarlle o acordo ao Rexistro Galego de Animais Potencialmente Perigosos.

20.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

A vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes conexións:

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
MARÍA MIRANDA IGLESIAS	Auga uso doméstico	Ave do Mar, 7 – 2º B	Conexión auga..... 60 € Fianza20 €	Aparellador mun. Aqualia
ESTEBAN FREIRE BERNARDEZ	Auga, uso doméstico	Concepción Arenal, 92 – 1º C	Conexión auga..... 60 € Fianza20 €	Aqualia Aparellador mun.
ALMUDENA MARTÍNEZ ÁLVAREZ	Auga, uso doméstico	Ramón Cabanillas, 214 – 1º B	Conexión auga..... 60 € Fianza20 €	Aqualia Aparellador mun.
JULIO FREIRE ÁLVAREZ	Auga, uso doméstico	Concepción Arenal, 92 – 5º C	Conexión auga..... 60 € Fianza20 €	Aqualia Aparellador mun.
MARÍA JOSÉ ALONSO GARCÍA	Auga, uso doméstico	Concepción Arenal, 92 – 1º B	Conexión auga..... 60 € Fianza20 €	Aqualia Aparellador mun.
ARTURO NÚÑEZ FERRER	Auga e saneamento, uso doméstico	Borna, 319, Latón	Conexión auga..... 60 € Fianza20 € Dº saneamento 180 €	Aqualia Aparellador mun.
ÁNGEL JOSÉ JUNCAL MARTÍNEZ	Saneamento	Fontes, 140 (Tirán)	Dº saneamento 180 €	Aqualia Aparellador mun.
RAFAEL VILLAVARDE PIÑEIRO	Auga, uso doméstico	Concepción Arenal, 92 – 5º A	Conexión auga..... 60 € Fianza20 €	Aqualia Aparellador mun.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 14:00 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario accidental, DOU FE.